

COMPOSICIÓN: TEXTO HISTÓRICO

A partir destes textos, explica a evolución do movemento obreiro desde as súas orixes ata a elaboración de teorías políticas que chegan ata os nosos días. Recorda facer unha introdución con contexto histórico, falar das causas que levan ao desenvolvemento obreiro e das diferentes fases que atravesamos que podemos observar no texto. Na conclusión, explica como evoluciona este movemento, e que consecuencias podemos observar na actualidade.

Documento 1: Artigo publicado en *The Chartist Circular*, o 2 de xaneiro de 1841.

« - ¿ Cal é o significado do termo cartista? - É aquel que defende a Carta do Pobo. - ¡A Carta do Pobo!, por favor, ¿ que é iso?.- É o esbozo dunha lei do Parlamento, redactado polo V Comité da Asociación de Traballadores de Londres e seis membros do Parlamento, que recolle os seis puntos cardinais da Reforma radical. - ¿ Cales son eses principios? - Son seis e denomínanse da seguinte forma: sufraxio universal, Parlamentos anuais, votos mediante papeleta secreta, representación igual, pago de salario aos membros da Cámara, rexeitamento á clasificación en función da propiedade.»

Documento 2: Proudhon, P. J., *Idea xeral da Revolución*, 1851

“Nós, produtores asociados, non temos necesidade do Estado. (...) Non queremos máis goberno do home sobre o home, nin máis explotación do home polo home. Queremos que as minas, as canles, os ferrocarrís sexan entregados ás asociacións obreiras e queremos que estas asociacións sexan unha gran federación, unidas polo vínculo común da república democrática e social.

Existe o mutualismo cando nunha industria os obreiros, en lugar de traballar para un empresario que lles paga e garda para si a súa produción, traballan uns para os outros e comparten unha produción común, da cal se reparten os beneficios.”

Documento 3: Marx. *A loita de clases en Francia (1848-1850)*

"(..) A ditadura de clase do proletariado como punto de transición necesario para chegar á supresión das diferenzas de clase, á supresión de todo o réxime de produción sobre o cal repousan estas, á supresión de todas as relacións sociais que corresponden a este réxime de produción, ao trastocamento de todas as ideas que emanan destas relacións sociais."